



**ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO**

**20 DE SETEMBRO DE 2021**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do martes 20 de setembro de 2021** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 15-09-2021*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,coa fin de celebrar pleno extraordinario.

<b>Partido Popular (PP)</b>
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, <b>alcalde-presidente</b>
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Ana Isabel Barreiro Rego.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Juana María Brión Santamaría
8.-Elvira Pereira Ageitos.
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos
<b>Partido Barbanza Independiente (PBBI)</b>
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
4.-Emilio Andrés González Regueira.
5.-Gerardo Pardavila Fernández.
6.-Asier Casais Álvarez
<b>7.-Tania Redondo Fernández, excusa a súa ausencia</b>
<b>Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)</b>
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.
<b>Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)</b>
1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas
2.-Luis Antonio Pérez Barral





<b>Suma Ribeira (SR)</b>
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor en funcións** do mesmo. **D. Jorge González Mariño**.

**Asiste igualmente en calidade de asesor informático o empregado municipal Ramón Martínez Becerra.**

Ábrese a sesión **polo Sr. alcalde-presidente** procédese a tratar os seguintes puntos da orde do día:

**1.- APROBACIÓN LÍMITE MÁXIMO GASTO NON FINANCEIRO 2021.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de 14 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 8 de setembro de 2021 do seguinte tenor literal:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

*Visto que o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, establece que as Corporacións Locais aprobarán, no seu ámbito, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos.*

*Visto o proxecto de Orzamentos do Concello de Ribeira para o ano 2021.*

*Visto o informe de Intervención, aos efectos meramente informativos, debido a suspensión das regras fiscais para os anos 2020 e 2021.*

*Visto que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria é de 34.024.081,69 euros e que o importe máximo de gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto é de 33.259.185,00 euros,*

*Esta Alcaldía propón ao Pleno do Concello de Ribeira o seguinte:*

**PRIMEIRO.-** *Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2021 a cantidade de 33.259.185,00 euros.”*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021, co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210747681
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/09/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 21/09/2021	Fecha: 21/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/09/2021 13:32:28		Hora: 13:32





**-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 9 (6 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021 sobre **APROBACIÓN LÍMITE MÁXIMO GASTO NON FINANCIERO 2021**, e, en consecuencia, aproba:

*“Establecer como límite máximo de gasto non financeiro nos Orzamentos iniciais para 2021 a cantidade de 33.259.185,00 euros”.*

## **2.-APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS 2021.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de 14 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 7 de setembro de 2021 do seguinte tenor literal:

### **“PROPOSTA**

*Preséntase así o Orzamento Xeral do exercicio 2021 para o Concello de Ribeira no que se recollen os recursos previsibles a través dos cales tratar de alcanzar os obxectivos formulados por este goberno municipal.*

*Por todo o exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes Acordos:*

- 1. Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2021, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 36.415.804,18 € euros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.*
- 2. Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2021 que se achegan.*
- 3. Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.*
- 4. Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.*
- 5. Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do orzamento para o 2021, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2022.”*

Asemade dase conta dunha **emenda á totalidade** presentada polo **GM** do **BNG** e no seu nome D. Xosé Antonio Vázquez Cobas e D. Luis Pérez Barral (rex de entrada nº 16431 de data 16 de setembro de 2021) e que é do seguinte tenor literal:

### **1. Incumprimento da lexislación**





*O goberno presenta un proxecto de Orzamentos para o ano 2021 incumprindo a lexislación vixente en materia de orzamentos. Neste sentido, o goberno local incumpre a Lei reguladora de Facendas Locais que estipula a obrigatoriedade de elaborar os orzamentos antes do 15 de outubro e realizarse a aprobación definitiva antes do 31 de decembro do ano anterior ao que deba aplicarse.*

*Estamos pois, ante uns Orzamentos que no mellor dos casos chegan cun retraso de máis de oito meses e medio do que marca a lexislación. Este feito xa imposibilita que se poidan executar as contas correctamente.*

*Desde o BNG non entendemos que motivos levan ao goberno local a incumprir de maneira tan clara e flagrante a lexislación, sobre todo nun contexto de crise sanitaria e económica, no que o gasto público puido ter contribuído a reactivar a economía.*

## **2. Falta de participación social e nula vontade de diálogo**

*Os Orzamentos de Ribeira para o ano 2021, presentados polo goberno local e polo PSOE, son unhas contas que non responden ás necesidades reais que ten a día de hoxe a veciñanza do concello. As contas que se presentan nin tan sequera foron consensuadas cos grupos que integran a Corporación Municipal.*

*As contas presentadas por PP e PSOE mediante a sinatura dun pacto de goberno para o período 2021-2023, carecen da máis mínima vontade de chegar a acordos e consensos cos que mellorar a calidade de vida da cidadanía de Ribeira. Boa mostra disto, é como os grupos que integramos a Corporación Municipal tivemos que informarnos polos medios de comunicación dos detalles do acordo PP-PSOE e mesmo do día en que se ía celebrar o pleno de Orzamentos.*

*Establecer as canles de participación suficientes para que todos os grupos políticos e todas as entidades sociais, culturais, deportivas e económicas do concello puidesen facer as súas achegas e decidir as partidas orzamentarias é sempre necesario. Máis se cabe cando o goberno local conta con tan só 9 de 21 representantes, cando menos até o momento.*

*Por outra banda, a documentación achégasenos con tan só 7 días hábiles, nos que os grupos da Corporación Municipal temos que estudar a documentación que conforman os Orzamentos, tendo unha extensión de máis de 300 páxinas.*

## **3. Orzamentos que non responden ás demandas sociais**

*O proxecto de Orzamentos 2021 para o Concello de Ribeira presentado por PP e PSOE carece de credibilidade pois prevén gastar cartos en cuestións superfluas como en crear o cuarto museo do mar na Barbanza -xa o ten Rianxo, Porto do Son e Noia-. Desde o BNG cremos que no momento actual, de crise económica e sanitaria, as prioridades deberían ser mellorar as infraestruturas que xa temos e reforzar os servizos públicos.*

*Pola contra non contemplan partidas orzamentarias para temas tan importantes como mellorar do tráfico, habilitar estacionamentos ou fomentar o transporte público, tampouco se inclúen partidas orzamentarias para rebaixar a taxa de saneamento ou o imposto de vehículos de tracción mecánica, tampouco se potencian as axudas dirixidas a comercios e á hostalaría, nin contemplan partidas para afianzar a creación de empresas na localidade por poñermos algúns exemplos.*

## **4. Orzamentos irrealis**

*Temos que desconfiar das cifras que se nos presentan pois, por moito que se tente vender como os orzamentos máis altos da historia, estes van depender da porcentaxe que se execute. De que vale aprobar unhas contas millonarias que só se executarán nunha pequena parte? Por que hai proxectos que malia levar anos incluíndose en sucesivos orzamentos o Partido Popular non as executa?*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210747681
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/09/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 21/09/2021	Fecha: 21/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/09/2021 13:32:28		Hora: 13:32





Á listaxe de incumprimentos dos acordos plenarios por parte do alcalde, hai que sumar a listaxe de obras que non se executan malia dispoñer de partidas orzamentarias asignadas en orzamentos pasados. Por poñer uns exemplos cos que se vexa isto que dicimos vemos como o Centro Social de Carreira, a reforma da rúa Rosalía de Castro ou a sede para o club de remo agora denominado "centro de deportes náuticos", levan varios anos consignándose en diversos orzamentos sen que chegue a se materializar a súa execución.

Temos que lembrar que do Orzamento 2020 tan só se executou un 54%, ou o que é o mesmo, o 46% dos cartos habilitados deixáronse sen gastar pola inoperancia do equipo presidido por Ruíz Rivas. Esa baixa execución prodúcese nun contexto de crise sanitaria e económica que precisa que as Administracións Públicas fagan todo o posible para axudar os ás persoas máis vulnerábeis e os sectores económicos máis damnificados.

### 5. Consolida a brutal subida de impostos á cidadanía de Ribeira

O proxecto de Orzamentos 2021 consolida o tarifazo que supuxo establecer o modelo de saneamento elixido polo Partido Popular e que sempre contou co voto en contra do BNG porque implicou unha suba de 72 euros ao ano nos recibos que teñen que pagar todos os veciños e veciñas de Ribeira.

### 6. Un orzamento que aumenta as privatizacións e os recortes

O goberno do Partido Popular consolida nestas contas as privatizacións de servizos públicos esenciais e que deberan ter unha xestión pública.

As contas pactadas por PP e PSOE consolidan a privatización da xestión das Estacións Depuradoras de Augas Residuais de Couso e de Corrubedo, facendo que o recibo que teñen que pagar todos os veciños e veciñas se encareza de maneira desorbitada tal e como nos referimos no punto terceiro deste documento.

A escola infantil municipal mantén un ano máis a súa xestión privatizada e tamén se designan fondos para pagar a privatización do monitorado deportivo da Fieiteira que sería 360.000 euros máis barato prestar o servizo de maneira pública directa.

Por outra banda existen recortes en materia de transporte público, recortes nos servizos de conciliación que se prestaban todos os anos desde o Concello de Ribeira ou inexistencia de actividades dirixidas á mocidade do concello, por só citar algúns exemplos.

### 7. O proxecto de Orzamentos 2021 para Ribeira debería conter, ademais, cando menos as seguintes propostas que facemos desde o BNG:

#### Servizos públicos básicos:

- Habilitar partida orzamentaria para reducir a taxa de auga e saneamento para establecer un prezo en liña co que se viña pagando antes do tarifazo aplicado polo Partido Popular.
- Designar unha persoa responsábel encargada para reforzar os mantementos e garantir o bo estado das infraestruturas.
- Designar unha partida orzamentaria dun mínimo de 150.000 euros por cada parroquia cuxo destino sexa decidido por participación veciñal.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210747681
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/09/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 21/09/2021	Fecha: 21/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/09/2021 13:32:28		Hora: 13:32





**Reforzo do persoal público:**

- Contratación dun mínimo de 10 policías locais cos que achegarse á proporción que marca a lexislación.
- Aumento da dotación orzamentaria para crear catro novas prazas na brigada destinada ao mantemento de infraestruturas e equipamentos públicos.
- Aumento da partida orzamentaria para pasar da xornada parcial á xornada completa para todo o profesorado do Conservatorio profesional de música 'Enrique Paisal'.

**Zonas verdes e parques**

- Aumento dun 90% dos fondos consignados para a posta en marcha dun plan para reverdecer Ribeira.
- Habilitación dunha partida orzamentaria para a realización dunha cuberta en alomenos dous parques infantís do municipio.

**Mantemento e urbanismo**

- Incremento en 300.000 euros da partida destinada ao mantemento de parques, paseos, beirarrúas e mobiliario urbano.
- Incremento dun 80% da partida destinada para a constitución da ARI e promoción da rehabilitación nas Áreas de Rehabilitación Integral.

**Tráfico e aparcadoiros**

- Plan de mellora do tráfico rodado e fomento do transporte público.
- Creación dunha partida duns 100.000€ para mellorar a iluminación e a seguridade nos pasos de peóns máis transitados do municipio.
- Creación dunha partida orzamentaria para mellorar o firme, iluminación e seguridade dos aparcadoiros públicos disuasorios.
- Creación dunha partida orzamentaria para rescatar o aparcadoiro do Centenario, garantindo a súa xestión pública e poñendo uns prezos asequíbeis.
- Habilitar partida orzamentaria para desenvolver o estudo técnico de conversión da CP-7301 nunha estrada de circunvalación.
- Habilitar partida orzamentaria para cofinanciar o transporte do estudantado universitario e de formación profesional que curse ensinanzas oficiais que non se impartan en Ribeira.



**FIRMANTE - FECHA**





### Cultura e deporte

- Incremento do 33% das subvencións para asociacións culturais sen fins de lucro.
- Incremento do 34% das subvencións a clubs e entidades deportivas para chegar á cantidade de 120.000 euros.

### Subvencións

- Subscrición dun convenio de colaboración coa Asociación Empresarial de Ribeira por importe de 30.000 euros coa que facilitar o financiamento das súas actividades.
- Incremento dun 47% a contía destinada á Festa da Dorna pasando de 17.000 ao entorno dos 25.000 euros.
- Incremento de cadanseus 2.000 euros á contía destinada ás asociacións AMBAR, AMICOS, A CREBA, FAIBEN e RENACER.
- Creación dunha liña de subvencións para o fomento das enerxías renovábeis destinada a particulares residentes na localidade e a pequenas e medianas empresas con sede en Ribeira.

### Redución de gastos superfluos

- Eliminación dos fondos consignados para a creación do Museo do Mar por non ser unha prioridade neste momento.
- Redución dos fondos consignados a "protocolo, publicidade e propaganda de órganos de goberno".

Por todo o anteriormente exposto e en base a:

- Lei reguladora de facendas locais.
- Real Decreto 500/1990 polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Regulamento orgánico municipal do Concello de Ribeira.

**O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galega (BNG) no Concello de Ribeira presenta esta emenda á totalidade do Orzamento 2021 e solicita a devolución do Orzamentos 2021 para que elabore unhas novas cantas que inclúan as peticións arriba expostas e sexan consensuados polos grupos da Corporación Municipal e outras entidades do municipio"**



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210747681
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/09/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 21/09/2021	Fecha: 21/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/09/2021 13:32:28		Hora: 13:32





Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, así como da **emenda á totalidade do GM do BNG**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a emenda do GM do BNG**, tal como establece o artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 9** (6 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-VOTOS EN CONTRA: 11** (9PP, 2Ps de G-Psoe)

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Á vista do resultado da votación e o rexeitamento da emenda do GM do BNG, sométese a continuación á mesma o **ditame** transcrito da **Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021**, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11** (9PP, 2Ps de G-Psoe)

**-VOTOS EN CONTRA: 9** (6 PBBI, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021 sobre **APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS 2021**, e, en consecuencia, aproba:

**Primeiro:**-Aprobar o Orzamento Xeral do Concello para 2021, composto polo Orzamento Municipal, por un importe nivelado en gastos e ingresos de 36.415.804,18 € euros segundo os detalles dos Estados de Ingresos e Gastos que se acompañan.

**Segundo:**-Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2021 que se achegan.

**Terceiro:**-Aprobar o cadro de persoal que se inclúe como Anexo no Expediente do Orzamento Xeral.

**Cuarto:**-Declarar o postos de traballo que se relacionan no cadro de persoal temporal como esenciais e prioritarios para levar a cabo a contratación laboral temporal.

**Quinto:**-Aprobar o gasto anual e plurianual dos proxectos que constan no anexo de investimentos do orzamento para o 2021, así como o compromiso de habilitar crédito adecuado e suficiente no vindeiro exercicio orzamentario 2022.”







**3.- APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2021.**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de 14 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 8 de setembro de 2021 do seguinte tenor literal:

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

**1º.-“Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2021, segundo o seguinte detalle:**

<b>APLICACIÓN GASTOS</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
172.21000	Traballos control biomasa parque de San Roque	18.133,06
172.22706	Traballos de desbroce marxes río Arlés	14.157,00
132.62301	Mellora instalación cámaras tráfico polígono industrial	6.314,57
453.61960	Liquidación obra rúa do Canal e camiño Ameixida	3.530,80
453.60997	Liquidación obra Castiñeiras-Fieiteira	4.270,19
342.78000	Liquidación obra campo de fútbol de Carreira	20.313,72
165A.60900	P4 contrato mantemento alumado público	537.101,88
164A.60910	Subministro de puntos de luz	40.000,00
171.60910	Programa de embelecemento e humanización de espazos públicos	130.000,00
342.60910	Espazo urbano deportivo xuvenil	150.000,00
241H.60900	Inversión obradoiro Serra do Barbanza	50.000,00
453.60939	Apertura novo vial conexión rúa Barbanza e rúa Estatuto	100.000,00
453.60940	Mellora da accesibilidade na Avda. Carolinas e fronte marítimo	300.000,00
933.63200	Mantementos e rehabilitacións patrimonio municipal	70.000,00
933.62201	Adecuación local para aula de ballet	40.000,00
459.62210	Cofinanciación obra conservatorio EDUSI	134.402,08
<b>APLICACIÓN INGRESOS</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.618.223,30





CONCELLO  
DE  
**RIBEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 8 (6 PBBI, 2 BNG)**

**-ABSTENCIONES: 1 Mixto-Suma Ribeira**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021 sobre **APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2021**, e, en consecuencia, aproba:

**Primeiro: “Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2021, segundo o seguinte detalle:**

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
172.21000	Traballos control biomasa parque de San Roque	18.133,06
172.22706	Traballos de desbroce marxes río Arlés	14.157,00
132.62301	Mellora instalación cámaras tráfico polígono industrial	6.314,57
453.61960	Liquidación obra rúa do Canal e camiño Ameixida	3.530,80
453.60997	Liquidación obra Castiñeiras-Fieiteira	4.270,19
342.78000	Liquidación obra campo de fútbol de Carreira	20.313,72
165A.60900	P4 contrato mantemento alumado público	537.101,88
164A.60910	Subministro de puntos de luz	40.000,00
171.60910	Programa de embelecemento e humanización de espazos públicos	130.000,00
342.60910	Espazo urbano deportivo xuvenil	150.000,00





241H.60900	Inversión obradoiro Serra do Barbanza	50.000,00
453.60939	Apertura novo vial conexión rúa Barbanza e rúa Estatuto	100.000,00
453.60940	Mellora da accesibilidade na Avda. Carolinas e fronte marítimo	300.000,00
933.63200	Mantementos e rehabilitacións patrimonio municipal	70.000,00
933.62201	Adecuación local para aula de ballet	40.000,00
459.62210	Cofinanciación obra conservatorio EDUSI	134.402,08
<b>APLICACIÓN INGRESOS</b>	<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>IMPORTE</b>
87000	Remanente de Tesourería para gastos xerais	1.618.223,30

**Segundo.-** Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

**Terceiro.-** Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

#### 4.- APROBACIÓN PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONES 2021

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de 14 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 8 de setembro de 2021 do seguinte tenor literal:

##### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Visto que o artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións establece que os órganos das Administracións públicas ou calesquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Polo tanto, unha vez elaborado o mesmo, esta ALCALDÍA propón ao PLENO do Concello de Ribeira o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio económico de 2021 do Concello de Ribeira”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 11 (9PP, 2Ps de G-Psoe)**

**-VOTOS EN CONTRA: 8 (6 PBBI, 2 BNG)**

**-ABSTENCIÓNS: 1 Mixto-Suma Ribeira**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 14 de setembro de 2021 sobre **APROBACIÓN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2021**, e, en consecuencia, aproba:

*“Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións para o exercicio económico de 2021 do Concello de Ribeira”.*

E no habendo máis asuntos que tratar sendo as **22 horas e 05 minutos** do día 20 de setembro de 2021, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión de todo canto antecede, como secretario, dou fe e certifico

O alcalde-presidente

O secretario

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle

